

PARÁBOLA DEL RETORNO

[Juan Soto, 2016]

212

ESTREA EN NUMAX: 17.03.2017 | v.o.s.e.

Parábola del retorno (2016, 41')

Dirección: Juan Soto

Guión: Juan Soto

Son: Isabel Torres

Montaxe: Juan Soto, Chiara Marañón

Fotografía: Juan Soto

Música: Luis Felipe Palacios

Produtora: TardeoTemprano Films (Colombia)

Distribuidora: Márgenes Distribución

Formato de proxección: DCP 2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Español

«Pola potente dimensión política que adquiren unhas imaxes de espera, aparentemente banais, como condensación de cinco décadas de conflito armado e a sutil utilización do arquetipo do retornado como depositario e portavoz de múltiples experiencias do exilio»

Fallo do Premio NUMAX Exhibición, VI FESTIVAL MÁRGENES

FILMOGRAFÍA

Estudio de reflejos, 2014

Nieve, 2012

19° Sur 65° Oeste, 2010

El bombillo, 2009 [curtametraxe]

El principio y el fin, y casi todo lo que hay

entremedio, 2008 [curtametraxe]

¿Cuántas horas tiene un día?, 2008

[curtametraxe]

PREMIOS E FESTIVAIS

Márgenes 2016 (Premio NUMAX de Exhibición), Transcinema 2016 (Competición Transandina)

SINOPSE

Wilson saíu da casa de seus pais en Medellín rumbo a Bogotá pero nunca chegou ao seu destino. 30 anos despois e tras a sinatura do acordo de paz coas FARC, Wilson tenta regresar desde o seu exilio en Londres para reencontrar a súa familia que o cre morto. A traxectoria do avión debuxa unha parábola, pero *Parábola del Retorno* é tamén un poema de Porfirio Barba Jacob que antano recitaba seu irmán de memoria.

**PREMIO
NUMAX
EXHIBICIÓN**

VI FESTIVAL
MÁRGENES



PARÁBOLA DEL RETORNO

[Juan Soto, 2016]

“Nas gravacións caseiras atopo xestos auténticos e momentos de verdade”

Entrevista a Juan Soto
Por Christopher Tibble

Por que decidiu contar a historia de Wilson Mario Taborda? O paradeiro do meu tío Wilson Mario, os detalles da súa desaparición, a historia cifrada da súa vida, son cousas que obsesionaron a miña familia e que herdamos as xeracións máis novas. Hoxe pola mañá, gravando unha entrevista a unha coleccionista de fotografías que naceu en Belfast e medrou nun contexto de guerra civil parecido ao noso que durou preto de 30 anos e culminou coa sinatura da paz co IRA, dicía que no medio das bombas e os asasinatos ela tiña unha vida normal e que a arte e a fotografía ían enchendo eses ocos que a realidade deixaba. Pareceume moi fermosa esa reflexión.

A min interésame moito o que pasa coa intimidade e co cotián en situacións particulares como unha guerra ou unha catástrofe natural, ou a supremacía da ultradereita (que é ao que nos enfrontamos agora). Estando lonxe puiden ver cun pouco de perspectiva esa historia de Wilson, o exterminio da UP [Unión Patriótica] e a guerra colombiana. O nó foise desenredando ou cando menos foi tomando outras forma e converténdose en algo compartíbel e apreciábel como un filme. O próximo ano cumprense 30 anos da desaparición de Wilson Mario e eu quería darlle esta película á miña avoa, como ela xa non está para vela pensei que quizais isto podería chegar a outras avoas, nais, tías, etc. O que sobra en Colombia é xente chorando mortos e estrañando desaparecidos...

Como se lle ocorreu o particular estilo narrativo deste documental? É difícil dicir como se me ocorreu porque é coma se de súpeto se xuntasen un montón de cabos soltos. O que si podo dicir é que levo anos cargando na maleta unhas imaxes que uns compañeiros de meu tío lles mandaron aos meus avós como agasallo tras a súa desaparición. Esas imaxes que a simple vista non son nada, só unhas manchas descoloridas polo tempo e fillas dunha época sen HD, eran o único que lle quedaba á miña familia de

Wilson así que partín da pregunta: que facer ou onde poñer estes arquivos para que un espectador x os poida apreciar como a miña avoa? Eu son editor de filmes así que a primeira resposta que se me ocorreu foi: no clímax! E a partir de aí empezamos a darlle forma a *Parábola del Retorno*. As anécdotas que nos conta Wilson funas recompilando entre a xente que o coñeceu, pedínlles que me contaran segredos e memorias e usei os textos escritos en pantalla para que cada quen lle poña a voz que lle resoe na súa cabeza e desa maneira cada quen constrúa o seu propio Wilson Mario.

Que valor agregado teñen as narracións experimentais sobre os documentais máis estandar? Cústame moito situarme nunha narración experimental ou lonxe dos documentais máis estandar. Eu creo que todas os filmes son necesarios porque cada un fala a un tipo de espectador diferente. Hai un documental que un podería chamar estándar sobre o exterminio da UP que se chama *El Baile Rojo* [Yezid Campos, 2003]. Eu xamais sería capaz de facelo e é un documento que a min me serviu moito ao longo dos anos para entender o que viu pasando con este caso en particular e diría que *Parábola* bebe del aínda que o que faga sexa completamente diferente.

Ao igual ca na súa opera prima, aquí fai uso de gravacións caseiras. Por que? Creo que isto xa está un pouco respondido atrás pero podería engadir que o que se filma cando un non ten tanta conciencia de a onde van parar esas imaxes carga cunha verdade moi poderosa que (a veces) se perde cando os momentos filmados están enmarcados dentro das ordes de acción e corte. Observei con atención esas gravacións caseiras en busca dasas verdades e creo que seguirei a traballar con ese tipo de materiais porque despois de varios filmes seguen a interesarme e sigo encontrando xestos auténticos e momentos de verdade.

Que parábola nos deixou a guerra colombiana? Ningunha aínda, porque é unha historia que non ten aínda un final.

Este filme é, en última instancia, unha mensaxe de esperanza? Non o pensara pero gustárame que alguén poida ver nel algo de esperanza. Eu pola miña banda teño moita fe no cinema.

Publicado en www.revistaarcadia.com/
Tradución: Xan Gómez Viñas

PREMIO NUMAX EXHIBICIÓN

VI FESTIVAL MÁRGENES

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME